

AS AVES LIBERTARIAS

Para Carmen e Claudio

Luz Pozo Garza

Sentimos a paixón da palabra poética de Avilés como transmitida en ondas de sentido e vibración harmónicos. Son ondas que se ordenan instintivamente en contrapunto ondas inesperadas sorprendentes. Son ondas creadoras de espectaculares contrastes de temperatura sempre emocional. Poesía de signo inaugural. Nova. Poesía tal do primeiro día. Poesía paradisíaca. Adámica. Edénica...

Pura mensaxe para pedir o pan a mazá o amor para rexeitar a serpe e as sombras para combater o medo... (tal vez xa se albiscaba ó lonxe un algo escuro de alas mouras) Daquela xa nacera a herba verde e fresquísimas pois tería chovido abondo nesta ría. E o Paraíso estaba no mapa de Noia.

Aquí nas Rías Baixas de Galicia onde Deus quixo poñer os dedos e levantou a man e daquela xurdiu a Serra do Barbanza co monte de San Lois e o lugar de Taramancos de feliz recordación. E a palabra nova sería algo así como *As moradiñas do vento* onde un meniño vai dicindo o nome das cousas por primeira vez e anda no vento e chámalle “o ar” e ás árbores chámalles “vellos castiñeiros” e “carballos” sen máis e “sobreiras marelas” e “bidueiros brancos” “e bebe o cervo na auga silencioso” “E o merlo guinda zreixas na campía”... E todo neste Paraíso está alumiñado polo vento: o seu señor. A súa potestade a que dorme nas pólas e comparte coas rulas e máis a cotovía o poderío alado esa entidade cósmica renovadora e caprichosa. Libertaria...

... e o rapaciño comparte e mesmo confabula cos avatares do vento primordial... E xa anda a intuír que tamén el un día como a xente do mar ha deixar de trabar con rosas as traíñas e ha querer sobordar horizontes como o pai como tantos e cumprirá o Destino. E ¿onde vas meu amor? E pasa o tempo e velaquí ó Antón sentado no mazadoiro o pé da soleira da porta a ollar coma nun filme a vida toda... porque as portas da Patria foron feitas para saír e magoar coa saudade lonxe canto máis lonxe mellor

que estás máis preto da patria. Ou peor que acresces na morriña que non é morte pequena senón Brava – Áspera – Violenta e Batente...

... e xa se sabe como a saudade pode ás veces cofundar patrias ó unísono moradiás do vento iniciais e aínda Cantos de cóndor de anovado sangue como ríos en demasía desbordados... ou Cauca ou Magdalena ou país de mil ríos que asolagan o tempo e o corazón ancora no medio xusto xusto da nostalxia tal o Nudo de Pasto que verte amor ultramarino en dirección a Noia mesmamente. ¿Págase un alto prezo? Pagarías meu rapaz ventureiro pero recuperabas as almas dos antergos nestes fillos caucanos e nesta dona andina que podería ser princesa. Que tamén eles atan mundos con lazos en verbas colombinas con aves turbulentas libertarias e araucarias insomnes mesmo míticas. Foron os días longos e a Patria nosa entraba na materia dos sonhos pois era tan real... tan ardentía

E outra volta: velaquí ó Antón sentado no vello mazadoiro ó pé da porta da soleira en vías de intentar a última fuxida ós dominios eivados do Rimbaud que aborreceu as letras polas armas o caucho o almisce e o marfil – mais iso era tal vez un símbolo extremado – e o Antón a visionar como nunha película a vida toda dunha ollada pois as portas da Patria están mirando fóra... Mais se regresas coa saudade dun tempo amado de araucarias e bosques primixenios de madeiras fresquísimas e choras

e lamentas tanta intacta harmonía será que hai outras patrias e ficas malferido na propia liberdade sen lindes e sen pazos pois era o corazón o lugar inclemente para fundar os días e os vasos delicados das esencias e acaso as aves libertarias. Porque fuxir fuxir marchar sen saber a onde como unha lei imposta como un rito ou un reto e arelar esa luz a luz de lonxe que nunca conciliamos e ás veces nalgún astro e outras veces – as máis – no candil de petróleo da Pepa da Pastora a raíña das ceifas matriciais cando todo era puro e delongado como o primeiro día como un bico...

...unha terra onde o ser ficaba ardido pero sen consumir. Tal un facho irredento como a torre do

noso Breogán capaz de ver o mundo enteiro dunha ollada. A nosa torre. O noso Aleph: “Onde están sen confundir, todos os lugares do orbe, vistos dende todos os ángulos”. Torre de Breogán. Patria do mundo. Lugar de Taramancos. Paraíso e aínda así ser aves libertarias... Se había flores ventureiras e rosas vespertinas e aguzadas espiñas preto do corazón... Se a palabra era acesa para falar con todos e ó amencer se incendiaba dun fulgor nunca visto pois era a luz roubada por algún deus clemente para nos dar ós homes parte da súa luzenza... Se aínda así era todo tan breve e era tan reducida aquela terra nosa ¡a carballeira misteriosa era só unha gaiola apaixonada de rechouchíos e de estrelas!

Quizais... a mediados de marzo o cuco adiantaba o seu reloxo existencial e ó son desas cucadas contabamos os anos que tiñamos de vida... e sempre eran tan poucos... De tanto amor roxaba o paporrubio polo peito como as aves sagradas. E a tola da bubela zoupona e fedorenta sacudía o penacho en voos intermitentes que nós interceptamos... ¡Paraíso perdido! E todo fica intacto no centro da memoria e sabemos do lume sempre aceso nas lareiras da Patria
agardando por nós
agardando por nós
agardando por nós...

Día das Letras Galegas, 17 de maio de 2003

Un vello poema de 1992

En memoria de Antón

En Santiago
apretei unha vez a túa man sen mesura
Aquela man ausente eu non sabía onde
Se cadra pode caber o tempo nun espello mar ó W.
e ás veces unha bágoa
como o mar asolaga o corazón indisoluble
Tal vez preto de Noia
princípian os espacios da patria
A inicial moradía batendo contra o océano
para acadar a morte...
Pode ser que nos Andes conclúa o testemuño
dun vivir insondable e puro viño acedo
de palabras caucanas e esmeraldas
con idades perdidas no misterio
Aves do Paraíso
Paraíso das aves num delirio de luz
Brevísimos incendios de colibrí na boca
Non esquezas
e vira bruscamente
E sempre
tal un ferro no peito
ardua Galicia
Luz Pozo Garza
A Coruña 28-Septembro-1992
"Luzes de Galicia"